



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



## CONCELLERÍA DE CULTURA E PRAIAS CONCELLO DE SADA

### VII FEIRA MODERNISTA DE SADA\_MERCADO MODERNISTA

A Concellería de Cultura e Praias do Concello de Sada convoca una nova edición da Feira Modernista, na que, como é habitual, dispórase dun espazo acondicionado para organizar un "MERCADO MODERNISTA".

Nesta ocasión presentamos un total de 25 espazos cubertos, dos cales serán reservados algúns para a participación de propostas de corte solidario ou asociativo de nivel municipal.

Os espazos que ofrece a organización nesta edición consistirán en carpas de cor branca de 3x3 mts. Irán cubertas con lona impermeable e terán posibilidade de peche en todo o seu contorno. As carpas presentarán unha estrutura frontal cuns paneis decorados con motivos modernistas que aportarán unha imaxe de pórtico, unindo as carpas de 3 en 3.

Contarán con instalación eléctrica para a súa iluminación, equipadas cunha lámpada e un enchufe.

Os espazos terán posibilidade de apertura para atención ao público por adiante e por atrás.

*Achegamos un croquis con esta comunicación.*

A proposta de solicitude virá recollida nas Bases de Participación no Mercado Modernista 2018.

#### 1. BASES:

Achegamos o documento coas **BASES REGULADORAS** para a participación nesta edición, nas que se describen as condicións a cumprir polas persoas/entidades solicitantes, e que basicamente consisten en:

- Aportar a documentación descrita nas bases (prazo ata o 17 de xullo).
- Enviar unhas fotografías dos produtos que se propoñen ofrecer á venda.
- Ambientar a estética do espazo e a presentación do posto/parada e o vestuario das persoas que o atendan para evocar as costumes da época e os principios do movemento artístico do Modernismo.

#### 2. SELECCIÓN:

O número limitado de espazos dispoñibles obriga a facer un proceso de selección do que sairá a lista de adxudicatarias dos mesmos. Os criterios de selección veñen recollidos nas bases que vos achegamos:

- a) Despois da comprobación da documentación presentada e da valoración das solicitudes segundo os criterios propostos, adxudicaranse os postos ás propostas mellor valoradas.
- b) En caso de que seguindo as condicións anteriores houber máis de 25 posibles beneficiarias, adxudicaranse por orde de valoración, por orde de maior a menor puntuación recibida.
- c) No caso de que algunha persoa/entidade beneficiaria renuncie á utilización do espazo ofreceráselle á seguinte solicitude con mellor puntuación.

#### 3. EXENCIÓN DE TAXAS:

Todas as persoas/entidades que resulten adxudicatarias da autorización para a explotación dun destes espazos estarán exentas de taxas.

A autorización permitirá a súa utilización nas seguintes datas:



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal)

---



**VENRES 27 DE XULLO:** montaxe dende as 12h. Apertura dende as 17h.

**SÁBADO 28 DE XULLO:** apertura de 12h a peche de actividades.

**DOMINGO 29 DE XULLO:** apertura de 12h a peche de actividades.

**Á finalización das actividades do domingo 29 será necesario recoller e abandonar o espazo utilizado, deixándoo nas condicións en que foi recibido.**

Quedamos á vosa disposición para calquera aclaración.  
Agardamos que esta comunicación sexa do voso interese.

Recibide un cordial saúdo.